

RESUMO DA XUNTA DE GOBERNO DE 26 DE FEBREIRO DE 2024

1. ASISTENCIA AO PLENO. Referencia: 2024/00009851F.

Aprobación de actas de sesións anteriores.

Acórdase aprobar a acta correspondente á sesión ordinaria da Xunta de Goberno Local de data 19 de febreiro de 2024.

2. LICENZAS DE OBRA. Referencia: 2022/00045995A.

Licenza para a proxecto básico de construción edificio de 17 vivendas, local comercial e garaxes na mazá 6 SUP 1 Romero Donallo esq Avda. de Ferrol.

Acórdase conceder licenza para o proxecto básico redactado polo Arquitecto Fernando Arteaga Ros presentado o 30/09/2022 e a documentación presentada 31/01/2023, 27/02/2023, 23/06/2023, 10 e 28/07/2023, 21/09/2023 e 24/01/2024, cun orzamento de execución material de 3.658.102 €.

3. LICENZAS DE OBRA. Referencia: 2024/00007135M.

Licenza obra maior para mellora da envolvente térmica de edificio sito na avda de Coimbra 20

Acórdase conceder á comunidade de propietarios Avda de Coimbra 20 licenza para realizar, segundo os informes que constan no expediente e conforme o proxecto básico e de execución redactado polo arquitecto José María Lorenzo Fernández achegada na data 14/11/2023, cun orzamento de execución material de 78.087,80 €, a mellora da envolvente térmica de edificio sito na avda de Coimbra 20 Santiago de Compostela (A Coruña).

4. LICENZAS DE OBRA. Referencia: 2022/00052579D.

Licenza para a demolición da edificación sita no LG A Susana.

Acórdase conceder a licenza para realizar, segundo os informes que constan no expediente e conforme o proxecto técnico redactado polo enxeñeiro técnico agrícola José Manuel Pena Alonso presentado na data 23/11/2022, cun orzamento de execución material de 32.602,54 €, a demolición edificación sito no lugar A Susana, parroquia de Santa María de Marrozos Santiago de Compostela (A Coruña) parcela Ref Catastral 2120402NH4422A.

5. LICENZAS DE OBRA. Referencia: 2024/00008532E.

Licenza para a reforma das fachadas do edificio sito na rúa de San Pedro, 40.

Acórdase conceder a licenza para realizar, segundo os informes que constan no expediente e conforme o modificado de Proxecto básico e de execución redactado polo arquitecto Carlos Landeira Caamaño con selo de visado polo Colexio Oficial de arquitectos de Galicia de data 30/01/2024, cun orzamento de execución material de 5.000,00 €, a reforma das fachadas do edificio sito na rúa de San Pedro, 40 Santiago de Compostela (A Coruña).

6. LICENZAS DE OBRA. Referencia: LIC/584/2018.

Licenza para o modificado do proxecto de execución de construción dunha vivenda familiar illada na rúa Cima da Eira.

Conceder a licenza para realizar, segundo os informes que constan no expediente e conforme modificado do proxecto de execución con data de visado do 18/12/2023 redactado polo arquitecto Vicente Agueitos Pérez de data de visado do 18/12/2023, un orzamento de execución material de 89.372.40 €, a construción dunha vivenda unifamiliar illada na rúa Cima da Eira Santiago de Compostela (A Coruña).

7. ÁREA IV: URBANISMO E INFRAESTRUTURAS. Referencia: 2023/00000289W.

Posta a disposición terreos do C.H.U.S.

Acórdase pór a disposición da Consellería de Infraestruturas e Mobilidade da Xunta de Galicia temporalmente os terreos de titularidade municipal necesarios para e durante a execución do Proxecto de Trazado do Eixe de Mobilidade Sustentable en Santiago de Compostela, 'Treito acceso ao Hospital Clínico Universitario de Santiago de Compostela. CLAVE: AC/22/22/0.87.06' coas condicións sinaladas no decreto da Alcaldía de 15 de febreiro de 2023 e nas alegacións presentadas no proceso de información pública reducindo ao mínimo posible a ocupación de terreo non cualificado como viario nos ámbitos DM-2 e ZL-5 do Plan Parcial do SUP-6 Santa Marta; sen que en ningún caso proceda a expropiación das parcelas municipais de dominio público con independencia da súa cualificación no planeamento debendo modificarse o proxecto de expropiación e a declaración de urxente ocupación no sentido indicado, posto que, en ningún caso resulta axustado a dereito levantar Actas de Ocupación de parcelas cualificadas como dominio público, razón pola que se procede á posta a disposición temporal a través deste acto.

A execución das obras inclúe a reposición dos servizos afectados, independentemente da súa titularidade.

8. CONTRATACIÓN. Referencia: 2023/00048300G.

Corrección erro no acordo da Xunta de Goberno da cidade de Santiago de Compostela do 22/01/2024, relativo a devolución da fianza constituída pola empresa, PROYECTOS, SOLUCIONES E INSTALACIONES GALICIA, S.L, para responder do contrato que ten por obxecto a Subministración para a renovación do compresor de aire do Servizo de Extinción de Incendios (SEIS).

Acórdase proceder á subsanación do erro advertido na proposta da Concellaría de Economía e Facenda, Persoal, Contratación e Modernización da Administración Local de data 12/01/2024, así como no acordo da Xunta de Goberno da cidade de Santiago de Compostela do 22/01/2024, relativo á devolución da fianza constituída pola empresa, PROYECTOS, SOLUCIONES E INSTALACIONES GALICIA, S.L, para responder do contrato que ten por obxecto a Subministración para a renovación do compresor de aire do Servizo de Extinción de Incendios (SEIS), surprimíndose o parágrafo segundo relativo a devolución da taxa de formalización de contrato, de xeito que:

Onde di:

"Primeiro.- Autorizar a devolución da fianza constituída pola empresa, PROYECTOS, SOLUCIONES E INSTALACIONES GALICIA, S.L., por importe de 1.599,20 € (Ingreso en metálico, nº operación, 320230004485, nº ingreso: 20230001772) para responder do contrato que ten por obxecto a Subministración para a renovación do compresor de aire do Servizo de Extinción de Incendios (SEIS). Expte 2023/48300G. CON2023000047.

Segundo:- Autorizar a devolución á empresa PROYECTOS, SOLUCIONES E INSTALACIONES GALICIA, S.L., do importe de 132,10 euros ingresados en concepto de taxa por formalización de contrato, que non tivo lugar ao ser excluído o operador do procedemento de adxudicación, ao non realizarse o feito impositivo da taxa, neste caso a formalización do contrato administrativo, pois non se devindica o tributo e, en consecuencia, trátase dun ingreso indebido que procede devolver a citada empresa”.

Debe dicir:

“Autorizar a devolución da fianza constituída pola empresa, PROYECTOS, SOLUCIONES E INSTALACIONES GALICIA, S.L., por importe de 1.599,20 € (Ingreso en metálico, nº operación, 320230004485, nº ingreso: 20230001772) para responder do contrato que ten por obxecto a Subministración para a renovación do compresor de aire do Servizo de Extinción de Incendios (SEIS)..Expte 2023/48300G. CON2023000047”.

9. CONTRATACIÓN. Referencia: 2021/00034699G.

Rectificación de erros do acordo da Xunta de Goberno Local polo que se resolvía por mutuo acordo o contrato das obras de acondicionamento de terreo na rúa Triacastela para aparcadoiro en superficie asinado coa empresa CONSTRUCCIONES CERNADAS SL.

Acórdase rectificar, ao abeiro do artigo 109.2 da Lei 39/2015, de 1 de outubro, do Procedemento Administrativo Común das Administracións Públicas, o erro de feito detectado no acordo da Xunta de Goberno Local do día 19/12/2023 no que se resolvía o contrato das obras de acondicionamento de terreo na rúa Triacastela para aparcadoiro en superficie asinado coa empresa CONSTRUCCIONES CERNADAS SL por mutuo acordo.

As rectificacións afectan a:

1. Apartado 8 dos antecedentes do acordo:

Onde antes dicía: (...) O importe dos gastos a abonar a CONSTRUCCIÓN CERNADAS, S.L. é de 4.392,19 €. (...)

Debe dicir: (...) O importe dos gastos a abonar a CONSTRUCCIÓN CERNADAS, S.L. é de 3.629,91 €. (...)

2. Apartado 14 dos antecedentes do acordo:

Onde antes dicía: A cantidade que procede, pois, aboar ao contratista é de 4.392,19 € con cargo á aplicación orzamentaria en concepto de indemnización polos gastos nos que incorreu o contratista (...).

Debe dicir: A cantidade que procede, pois, aboar ao contratista é de 3.629,91 € con cargo á aplicación orzamentaria en concepto de indemnización polos gastos nos que incorreu o contratista (...).

3. Apartado segundo da parte dispositiva do acordo:

Onde antes dicía:

Segundo: Aboar ao contratista o importe de 4.392,19 € con cargo á aplicación orzamentaria 060 15320 226 9900 en concepto de indemnización polos gastos nos que incorreu.

Debe dicir:

Segundo: Aboar ao contratista o importe de 3.629,91 € con cargo á aplicación orzamentaria 060 15320 226 9900 en concepto de indemnización polos gastos nos que incorreu.

10. IGUALDADE-MULLER. Referencia: 2024/00001786S.

Aprobar as bases e a convocatoria do Premio Xohana Torres de ensaio, investigación e creación audiovisual sobre as mulleres na sociedade galega para o ano 2024

Acórdase:

1. Aprobar as bases e a convocatoria do Premio Xohana Torres de ensaio, investigación e creación audiovisual sobre as mulleres na sociedade galega para o ano 2024.
2. Aprobar o compromiso de consignar crédito suficiente e adecuado nos orzamentos do exercicio de 2025, dos importes establecidos para os premios nesta convocatoria, os efectos do disposto no artigo 56.1.b) do Real Decreto 887/2006, do 21 de xullo, polo que se aproba o regulamento da Lei 38/2003, do 17 de novembro, xeral de subvencións, quedando a concesión dos premios condicionada á existencia de crédito adecuado e suficiente no momento da resolución.

11. EDUCACIÓN. Referencia: 2024/00004920K.

Aprobación das Bases da XV Edición dos Premios Educacompostela de recursos educativos en prol da innovación, da calidade educativa e da renovación pedagóxica.

Acórdase aprobar as bases da convocatoria da XV edición dos Premios Educacompostela de recursos didácticos en prol da innovación, da calidade educativa e da renovación pedagóxica que convoca o Departamento de Educación do Concello de Santiago coa colaboración pedagóxica de Nova Escola Galega.

12. EDUCACIÓN. Referencia: 2024/00004399Y.

Aprobación das Bases do XVII Premio Internacional “Compostela” para Álbums Ilustrados.

Acórdase:

- 1.- Aprobar as bases do XVII Premio Internacional “Compostela” para álbums ilustrados que convoca o Departamento de Educación do Concello de Santiago de Compostela coa editorial Kalandraka.
 - 2.- O gasto irá con cargo á aplicación orzamentaria 080.32600.4890100, dos orzamentos do exercicio 2022 prorrogados ao 2024.
- O premio está dotado coa cantidade de 9.000 euros, de acordo co seguinte reparto:
Á conta do Concello de Santiago de Compostela.
- | | |
|--|----------------|
| Aplicación orzamentaria 080.32600.4890100..... | 8.000,00 euros |
| Á conta de Kalandraka Editora | 1.000,00 euros |

13. EDUCACIÓN. Referencia: 2023/00034605V.

Aprobación da modificación parcial por erro material detectado na parte dispositiva do acordo da Xunta de Goberno Local do 19 de decembro 2023, no que se acordou aprobar a conta xustificativa de gastos do Convenio coa Asociación Solidariedade co Pobo Saharai para o desenvolvemento do programa de acollemento de nenos e nenas saharais “Vacacións en Paz”, para a súa adecuación ao recollido nas Bases de Execución do orzamento en vigor.

Acórdase aprobar a modificación parcial por erro material detectado na parte dispositiva do acordo da Xunta de Goberno Local do 19 de decembro 2023, no que se acordou aprobar a conta xustificativa de gastos do Convenio coa Asociación Solidariedade co Pobo Saharai para o desenvolvemento do programa de acollemento de nenos e nenas saharais “Vacacións en Paz”, para a súa adecuación ao recollido nas Bases de Execución do orzamento en vigor,

Onde di:

Aprobar a conta xustificativa de gastos do Convenio coa Asociación Solidariedade co Pobo Saharai para o desenvolvemento do programa de acollemento de nenos e nenas saharais “Vacacións en Paz”, con cargo á aplicación orzamentaria 080 32600 4890001.

O beneficiario é o seguinte:

Nome da entidade SOLIDARIEDADE GALEGA CO POBO SAHARAI

Importe subvención 8.000,00 euros

Debe dicir:

Primeiro: Aprobar a xustificación do convenio de colaboración asinado entre a Asociación Solidariedade Galega co Pobo Saharai con CIF G15924558, para o desenvolvemento do programa de acollemento de nenos e nenas saharais “Vacacións en Paz” e o recoñecemento da obriga que se derive desa xustificación. O gasto por valor de 8.000,00 euros irá con cargo á aplicación 080 32600 4890001 dos orzamentos do 2023.

Segundo: Notificar esta resolución ás persoas interesadas.

Terceiro: Dar traslado deste acordo ao departamento de Servizos Económicos para a tramitación do pago desta subvención nominativa con cargo á aplicación 080 32600 4890001 dos orzamentos do 2023.

14. EDUCACIÓN. Referencia: 2023/00043635P.

Aprobación da modificación parcial por erro material detectado na parte dispositiva do acordo da Xunta de Goberno Local do 21 de decembro de 2023, no que se aprobou a conta xustificativa de gastos do Convenio para o financiamento do Bacharelato Internacional do IES Rosalía de Castro, con cargo á aplicación orzamentaria 080.32400.4890001, para a súa adecuación ao recollido nas Bases de Execución do orzamento en vigor.

Acórdase aprobar a modificación parcial por erro material detectado na parte dispositiva do acordo da Xunta de Goberno Local do 21 de decembro de 2023, no que se aprobou a conta xustificativa de gastos do Convenio para o financiamento do Bacharelato Internacional do IES Rosalía de Castro, con cargo á aplicación orzamentaria 080.32400.4890001, para a súa adecuación ao recollido nas Bases de Execución do orzamento en vigor,

Onde di:

Aprobar a conta xustificativa de gastos do Convenio para o financiamento do Bacharelato Internacional do IES Rosalía de Castro, con cargo á aplicación orzamentaria 080.32400.4890001.

O beneficiario é o seguinte:

Nome da entidade IES ROSALÍA DE CASTRO

Rúa San Clemente, 3

Importe subvención 6.208,00 euros

Debe dicir:

Primeiro: Aprobar a xustificación do convenio de colaboración asinado entre o IES Rosalía de Castro con CIF Q6555198H, para financiamento do Bacharelato Internacional e o recoñecemento da obriga que se derive desa xustificación. O gasto por valor de 6.208,00 euros irá con cargo á aplicación 080 32400 4890001 dos orzamentos do 2023.

Segundo: Notificar esta resolución ás persoas interesadas.

Terceiro: Dar traslado deste acordo ao departamento de Servizos Económicos para a tramitación do pago desta subvención nominativa con cargo á aplicación 080 32400 4890001 dos orzamentos do 2023.

15. EDUCACIÓN. Referencia: 2023/00034624J.

Aprobación da modificación parcial por erro material detectado na parte dispositiva do acordo da XGL do 19 de decembro de 2023, polo que se aprobou a conta xustificativa de gastos do Convenio coa Universidade de Santiago de Compostela -Programa Universitario de Maiores IV Ciclo, con cargo á aplicación orzamentaria 080 32600 4890002, para a súa adecuación ao recollido nas Bases de Execución do orzamento en vigor.

Acórdase aprobar a modificación parcial por erro material detectado na parte dispositiva do acordo da XGL do 19 de decembro de 2023, polo que se aprobou a conta xustificativa de gastos do Convenio coa Universidade de Santiago de Compostela -Programa Universitario de Maiores IV Ciclo, con cargo á aplicación orzamentaria 080 32600 4890002, para a súa adecuación ao recollido nas Bases de Execución do orzamento en vigor,

Onde di:

Aprobar a conta xustificativa de gastos do Convenio coa Universidade de Santiago de Compostela – Programa Universitario de Maiores IV Ciclo, con cargo á aplicación orzamentaria 080 32600 4890002.

O beneficiario é o seguinte:

Nome da entidade: UNIVERSIDADE DE SANTIAGO DE COMPOSTELA

Importe subvención: 1.000,00 €

Debe dicir:

Primeiro: aprobar a xustificación do convenio de colaboración asinado coa Universidade de Santiago de Compostela con CIF Q1518001A, en relación ao Programa para maiores IV Ciclo e o recoñecemento da obriga que se derive desa xustificación. O gasto por valor de 1.000,00 euros irá con cargo á aplicación 080 32600 4890002 dos orzamentos do 2023.

Segundo: notificar esta resolución ás persoas interesadas.

Terceiro: dar traslado deste acordo ao departamento de Servizos Económicos para a tramitación do pago desta subvención nominativa con cargo á aplicación 080 32600 4890002 dos orzamentos do 2023.

16. ASESORÍA XURÍDICA. Referencia: 2024/00007346D.

Tomar coñecemento da sentenza AP 4131/2023-PA 542/2020 CA1 sobre a desestimación de recurso de reposición contra orde de peche dun taller de automóbiles.

Sentenza nº 403/2023

AP 4131/2023 TSX, PA 542/2020 CA1

Obxecto: desestimación recurso de reposición contra orde de peche e suspensión de actividade dun taller de automóbil, sen licenza.

A sentenza é favorable para o Concello, recorrible en casación

Acórdase:

1. Tomar coñecemento da sentenza.
2. Remitir ao Servizo de Licenzas e Disciplina para o seu coñecemento.

17. ASESORÍA XURÍDICA. Referencia: 2024/00006315J.

Tomar coñecemento da sentenza recaída no PA 283/2021 ca1 sobre responsabilidade patrimonial por caída na beirarrúa.

Sentenza nº 011/2024

PA 283/2021 CA1

Obxecto: responsabilidade patrimonial por caída na beirarrúa. Contía: 1.555,13 euros.

A sentenza é parcialmente favorable para o Concello, non recorrible en apelación.

Acórdase:

1. Tomar coñecemento da sentenza.
2. Remitir ao Servizo de Secretaría para a súa execución.

18. ASESORÍA XURÍDICA. Referencia: 2024/00008704X.

Tomar coñecemento da sentenza recaída no recurso de apelación núm. 541/2022 do PA 503/2019 CA1, sobre cese funcionario interino por programa.

Sentenza nº 791/2023

AP 541/2022 TSX, PA 503/2019 CA1

Obxecto: cese funcionario interino por programa.

A sentenza é favorable para o Concello, recorrible en casación.

Acórdase:

1. Tomar coñecemento da sentenza.
2. Remitir ao Servizo de Persoal para o seu coñecemento.

19. ASISTENCIA AO PLENO. Referencia: 2024/00009851F.

Tomar coñecemento das resolucións ditadas pola Alcaldía e as Concellerías Delegadas.

Acórdase tomar coñecemento das resolucións ditadas pola Alcaldía e polas Concellerías Delegadas no período comprendido entre o 16 e o 22 de febreiro de 2024.

URXENCIAS

20. EMPREGO. Referencia: 2024/00009948N.

Proposta para a aprobación da sinatura do V Pacto Local polo Emprego de Santiago 2024-2027.

Acórdase:

PRIMEIRO.- Aprobar a sinatura do V Pacto Local polo Emprego de Santiago 2024-2027, que foi elaborado no seo da Mesa polo Emprego de Santiago.

SEGUNDO.- Asumir as funcións e responsabilidades derivadas da firma deste Pacto, en orde a promover estratexias que permitan abordar os principais retos en materia de emprego e desenvolvemento socioeconómico local.

21. PARQUES E XARDÍNS. Referencia: 2023/00049330E.

Autorización para o uso das hortas urbanas municipais do parque da Almáciga.

Acórdase:

Primeiro. Outorgar, de conformidade co disposto na Ordenanza reguladora do uso das hortas municipais e de outorgamento das súas autorizacións de uso, a autorización para o uso das hortas urbanas municipais do parque da Almáciga a 32 persoas.

Segundo: Aprobar a lista de agarda da autorización para o uso das hortas urbanas municipais do parque da Almáciga.